

**REGULAMENTO DE REXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO
DE ANATOMÍA, PRODUCCIÓN ANIMAL E CIENCIAS CLÍNICAS VETERINARIAS
(APACCV)**

TÍTULO PRELIMINAR

ARTIGO 1: Lexislación

O Departamento de Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias (APACCV), rexerá polo presente Regulamento no marco do sinalado na Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro de Universidades, pola Lei 6/2013, de 13 de xuño do Sistema Universitario de Galicia, polo disposto nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a demais normativa xeral que lle sexa da aplicación.

ARTIGO 2: Definición e denominación

O Departamento de APACCV é a unidade básica encargada da programación e do desenvolvemento do ensino e do apoio da investigación no ámbito de coñecemento en Anatomía e Anatomía Patolóxica Comparadas, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias da Universidade de Santiago de Compostela. O Departamento de APACCV tamén exercerá a súa función docente clínica práctica e a súa investigación clínica no Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVURC).

ARTIGO 3: Adscrición e sede

1. O Departamento de APACCV estará adscrito a Facultade de Veterinaria da USC.
2. A sede do Departamento de APACCV fixarase no espazo habilitado para este fin en dependencias da Facultade de Veterinaria ou do HVURC.

ARTIGO 4: Lingua

A lingua galega é a lingua propia da USC. O departamento de APACCV promoverá accións que contribúan á normalización e ao desenvolvemento da lingua galega.

ARTIGO 5: Igualdade de xénero

O departamento de APACCV asume como principio inspirador de todas as súas actuacións a igualdade de tratamento e oportunidades entre mulleres e homes de conformidade co Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes aprobado polo consello de goberno da USC.

TÍTULO I

ESTRUTURA E FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO

ARTIGO 6: Órganos do Departamento

Son órganos de dirección do Departamento:

- a) O Consello do Departamento.
- b) O Director/a.
- c) O Secretario/a.

ARTIGO 7: Funcións

De conformidade co artigo 49 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela son funcións do Departamento:

- a) A programación, desenvolvemento e seguimento de:
 - As ensinanzas asignadas ao ámbito de coñecemento das súas competencias, de acordo coas previsións dos plans de estudos, así coma cos criterios dos plans de estudos, cos criterios xerais emanados da universidade e cos criterios específicos emanados dos centros nos que se imparte docencia.
 - Os cursos de posgrao propio, de especialización e de formación continua.
 - A contratación de traballos de carácter científico ou técnico.
- b) O apoio ás iniciativas e actividades docentes e investigadoras do seu persoal docente e investigador, individualmente ou formando parte de grupos de investigación.
- c) O rexistro actualizado da produción científica e da actividade investigadora do departamento.
- d) A formación do persoal docente e investigador da universidade e o pulo á renovación científica e pedagóxica dos seus membros.
- e) A iniciativa ou, no seu defecto, informe previo, para a creación, mantemento, minoración ou cambio de denominación de prazas de persoal docente e investigador, funcionario ou contratado, así como, de ser o caso, a proposta dos membros da comisión encargada de resolver os concursos.
- f) A programación e asignación dos seus medios e recursos, así coma o coidado do mantemento e renovación dos seus bens, equipos e instalacións.
- g) A axilización do intercambio de docentes entre Universidades e Centros de Investigación e promover a visita de profesores estranxeiros.
- h) Calquera outra actividade encamiñada ao axeitado desenvolvemento da actividade docente e investigadora que non corresponda a outros órganos.

TÍTULO II

ESTRUTURA E FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO

CAPÍTULO I:

DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO

ARTIGO 8: O Consello de Departamento

O Consello é o órgano colexiado de goberno do Departamento.

ARTIGO 9: Composición do Consello

1. O Consello de Departamento, presidido polo seu Director/a e no que actuará como secretario o Secretario ou Secretaria do Departamento, estará composto por:

- a) Os profesores doutores do Departamento.
- b) Unha representación do resto do persoal docente e investigador e persoal investigador en formación, que non excederá do 10% do total dos membros.
- c) Unha representación do estudantado do ámbito de docencia do departamento, elixidos cada dous anos, que suporá o 25% do total dos membros do Consello de Departamento. Desta porcentaxe, o 10% corresponderá a estudantado de grao e mestrado e o 15% ao estudantado de doutoramento.
- e) Un representante do persoal de administración e servizos.

2. Cando a natureza dos asuntos o requira, o Director/a do Departamento, por propia iniciativa ou a instancia dun terzo dos membros do consello, poderá convocar a calquera membro da comunidade universitaria con voz pero sen voto.

3. As eleccións a membros do Consello de Departamento faranse conforme o disposto no Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.

4. Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes que o serán por un ano. A condición de membro do Consello perderase ao cesar a vinculación co departamento, ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo que se foi elixido.

5. A asistencia ás reunións do Consello constitúe un dereito e un deber dos seus membros e débense prever as medidas que favorezan a dita asistencia.

ARTIGO 10: Competencias do Consello de Departamento

Corresponderalle ao Consello de Departamento de APACCV:

- a) A elección do Director/a e, de ser o caso, a proposta ao Reitor/a da súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento.

- b) A planificación docente das materias das que sexa responsable o Departamento, así como a aprobación dos respectivos programas e sistemas de avaliación, a coordinación da actividade docente, a supervisión do seu cumprimento e o establecemento dos criterios xerais de avaliación do alumnado, en colaboración cos centros, nos termos establecidos no artigo 49, a dos Estatutos da USC.
- c) A colaboración na elaboración e na modificación dos plans de estudos das titulacións nas que imparta as súas ensinanzas o Departamento.
- d) A promoción do perfeccionamento da docencia.
- e) O apoio á actividade investigadora, nos termos establecidos nos estatutos da USC.
- f) A emisión de informes para a concesión de venias docentes e dos informes preceptivos sobre a actividade docente e investigadora do seu profesorado e persoal investigador ou sobre o rendemento académico dos seus estudantes.
- g) A solicitude de convocatoria a concurso das prazas de corpos universitarios e persoal docente contratado, así como as propostas de membros das comisións correspondentes, dacordo coas necesidades docentes dos centros, dos seus programas de investigación e de doutoramento e a información sobre a procedencia do mantemento, minoración ou cambio de denominación ou categoría dunha praza.
- h) A distribución das cantidades asignadas e dispoñibles polo Departamento, e a aprobación do presuposto anual do mesmo.
- i) A elaboración, modificación e aprobación do seu regulamento de réxime interno.
- j) A creación de Comisións para o mellor desenvolvemento das súas funcións.
- k) A contribución ao progreso social e o desenvolvemento económico da sociedade, procurando a maior proxección das súas actividades no entorno máis preto e nos ámbitos nacional e internacional, mediante acordos e convenios, participando na extensión universitaria e na cooperación ao desenvolvemento.
- l) A resolución das reclamacións inherentes a asuntos académicos propios da súa competencia.
- m) Calquera outra competencia que lle atribúan a lexislación vixente..

ARTIGO 11: Funcionamento

O Consello do Departamento de APACCV actuará en Pleno ou en comisión.

ARTIGO 12: Convocatorias e sesións

1. O Consello de Departamento de APACCV reunirse por iniciativa da dirección ou a pedimento dun terzo dos seus membros, en cuxo caso o Director/a convocará o Consello de Departamento no prazo máximo dun mes tras a recepción da petición. Celebrará, polo menos, tres sesións ordinarias durante o curso académico en período lectivo.

2. A convocatoria das sesións ordinarias do Consello será realizada polo Director/a ou por quen legalmente faga súas funcións, notificándoa aos membros do mesmo cunha antelación mínima de 2 días. Sen prexuízo doutras formas de publicidade, dita notificación será persoal e remitirase por correo electrónico ao enderezo institucional dos seus membros.

3. Ás convocatorias ordinarias do Consello de Departamento deberán conter: lugar da reunión, data, hora, en primeira e segunda convocatoria, e orde do día. A orde do día será elaborada polo/a Director/a do Departamento, asistido polo Secretario/a e só poderá ser alterada por acordo da maioría simple dos membros presentes no Consello. Deberán incluírse aqueles asuntos que solicite, por escrito, un terzo dos membros do Consello na primeira reunión ordinaria do órgano que se convoque trala solicitude.

4. O Consello do Departamento reunirse de modo extraordinario convocado polo Director/a por propia iniciativa cando a importancia ou a urxencia dos asunto a tratar así o requira notificándose aos membros cunha antelación mínima de 2 días. Na orde do día destas sesións extraordinarias non se incluírán os puntos relativos a aprobación das actas, asuntos de trámite, informes ou rogos e preguntas.

5. Achegarase ás convocatorias toda a documentación necesaria para a información dos seus membros, ou se indicará o lugar onde estará depositada para a súa consulta polos membros do Consello.

6. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros do Consello e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

ARTIGO 13: Réxime de adopción de acordos

1. O Consello presidirao o Director/a ou quen legalmente o/a substitúa.

2. Para a válida constitución do Consello, será necesaria en primeira convocatoria a asistencia persoal da metade máis un dos seus membros. De non se producir quórum na primeira convocatoria, o Consello constituirase na segunda convocatoria, quince minutos despois da hora sinalada para a primeira, sempre que estean presentes ao menos un terzo dos seus membros. En todo caso requírese a asistencia do Director/a e do Secretario/a ou de quen legalmente os substitúan.

3. As sesións do Consello deberán realizarse de xeito continuado ate esgota-la orde do día, agás que iniciada na xornada de mañá deba interromperse para a súa continuación na mesma xornada de tarde, ou que iniciada de tarde deba interromperse para a súa continuación o día seguinte.

4. As sesións ordinarias do Consello iniciaranse coa aprobación ou modificación, previa lectura polo Secretario/a se algún membro o requirise, da Acta da última sesión ordinaria celebrada, así como das Actas das sesións extraordinarias celebradas dende a última sesión ordinaria do Consello. Seguidamente, se pasará ao exame, debate e, no seu caso, votación dos puntos establecidos na orde do día da convocatoria.

5. Corresponderá ao Director/a establecer a orde de intervencións e moderar o debate, conceder e retirar a palabra, e precisar os termos ou propostas obxecto de votación. No exercicio de dita competencia, poderá establecer unha orde cerrada de intervencións e asignar tempos determinados a cada unha delas, garantindo, ó menos, un dereito de replica por alusións.

6. Calquera membro do Consello poderá presentar ante o mesmo moción de palabra ou por escrito, que será debatida en “rogos e preguntas” sempre que non se refira a puntos concretos da Orde do Día. As mocións por escrito serán lidas polo Secretario/a en ausencia do proponente, sempre que este xustifique debidamente a súa ausencia do Consello.

7. Os acordos poderán adoptarse por:

6.1. Asentimento: cando realizada unha proposta polo Director/a esta non suscita obxeccións ou oposición por ningún membro.

6.2. Por votación ordinaria a man alzada ou secreta; será secreta cando se trate da avaliación de persoas concretas ou a solicitude dalgún dos seus membros asistentes. O secretario fará o recuento e de seguido o Director/a fará público o resultado.

8. Non se admitirá a delegación de voto nin o voto anticipado dos membros do Consello.

9. As decisións do Consello de Departamento adoptarán a forma de acordos.

10. Para ser válida a adopción de acordos do Consello deberá acadar cando menos a metade mais un dos votos dos membros presentes, agás aqueles acordos para os que a normativa específica esixa outras maiorías.

11. Nas votacións nas que se produza empate o Director/a poderá exercer o voto de calidade ou aprazar o tema de que se trate.

12. Os acordos do Consello de Departamento serán susceptibles de ser impugnados en alzada diante o Consello de Goberno da Universidade.

ARTIGO 14: Actas do Consello de Departamento de APACCV

1. De cada sesión que celebre o Consello do Departamento levantárase acta polo Secretario/a, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados. Un borrador de dita acta será enviado aos membros do Consello para proceder a súa revisión.

2. Na acta figurará, a solicitude dos respectivos membros do Consello do Departamento, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o senso do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcrición íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que á aporte no acto, ou no prazo de 2 días posteriores á celebración do Consello. O texto debe corresponderse fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose copia á mesma.

3. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito, no prazo de 2 días, que se incorporará ó texto aprobado.

4. As actas asinadas polo Secretario/a, co visto e praxe do Director/a, serán sometidas á consideración do Consello para a súa aprobación na sesión ordinaria inmediatamente posterior, podendo non obstante emitir o Secretario/a certificación sobre os acordos específicos que se teñan adoptado, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.

5. As actas serán encadernadas consonte coas instrucións dadas ao respecto pola Secretaria Xeral da USC.

ARTIGO 15: Comisión Permanente

1. O Departamento de APACCV terá unha Comisión Permanente que estará constituída por:

- a) O Director/a do Departamento, que presidirá e convocará.
- b) O Secretario/a do Departamento, que actuará de Secretario/a da mesma.
- c) Os Coordinadores/as das áreas de coñecemento que integran o Departamento
- d) O Director/a do HVURC.
- e) Un/unha alumno/a de grao ou posgrao.

2. Os membros seleccionados serán elixidos por e entre os do colectivo correspondente do Consello de Departamento.

3. Os membros da Comisión Permanente serán renovados no seu conxunto cando comece un mandato do Director/a de Departamento e durante o mesmo a baixa ou cese dalgún dos seus membros será cuberta de novo na forma mencionada no apartado anterior.

4. De cada sesión que celebre a comisión permanente levantárase acta polo Secretario/a, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados. As actas serán remitidas aos membros do Consello de Departamento para dar a coñecer os acordos específicos que se teñan adoptado. De xeito semellante, remitirase a todos os membros do Consello de Departamento as convocatorias de sesión da Comisión Permanente co gallo de que estes estean informados dos temas a tratar e poidan remitir propostas ou aclaracións previas á sesión ou ben solicitar o traslado da orde do día a un Consello de Departamento, sempre que dita solicitude estea subscrita por, a lo menos, un terzo dos membros do Consello.

5. O réxime de adopción de acordos e a formulación de actas derivadas das sesións da Comisión Permanente rexeranse por medio da normativa de funcionamento das sesións do Consello de Departamento de APACCV (Artigos 13 e 14 deste regulamento).

6. Son funcións da Comisión Permanente:

- a) Asesorar ao Director/a de Departamento en todas as súas funcións, e moi especialmente nos asuntos urxentes ou de trámite que lle teñan encomendados ao Director/a o Consello de Departamento.
- b) Elaborar as propostas que han de ser levadas ao Consello de Departamento para a súa consideración, e velar pola execución dos acordos acadados polo dito órgano de goberno.
- c) Aprobar os informes de rutina sobre as tarefas docentes e investigadoras dos membros do Departamento.

d) Emitir informes sobre a solicitude de permisos oficiais que comprendan mais de sete días lectivos.

e) Emitir calquera outro informe ou desenvolver calquera outra tarefa que lle delegue o Consello de Departamento.

ARTIGO 16: Comisión de Coordinación

1. A Comisión de Coordinación estará constituída por:

a) O Director/a de Departamento, que presidirá e convocará.

b) O Secretario/a de Departamento, que actuará de Secretario/a da mesma.

c) O Director/a do HVURC.

d) Un representante (preferentemente o xefe/a de servizo/a) de cada unha das especialidades da área de CCV (Cirurxía, Diagnóstico por Imaxe, Medicina e Anatomía Patolóxica),

e) Un representante da área de Anatomía e Anatomía Patolóxicas Comparadas e outro da área de Producción Animal.

f) Un representante dos PACS.

g) Un alumno/a de grao ou posgrao.

2. Os membros da Comisión de Coordinación serán renovados no seu conxunto cando comece un mandato do Director/a de Departamento e durante o mesmo a baixa ou cese de algún dos seus membros será cuberta de novo na forma mencionada no apartado anterior.

3. As funcións da Comisión de Coordinación son:

a) Fomentar a colaboración e coordinación docente.

b) Favorecer a colaboración e coordinación do Departamento e o HVURC, fundamentalmente no que atinxe a docencia práctica e todas aquelas outras función que garantan o correcto desempeño das labores do Departamento APACCV levadas a cabo no HVURC.

c) Elaborar un plan de formación e actualización do persoal adscrito ao departamento.

d) Establecer relacións de coordinación interna e externa na procura de convenios de intercambios e cooperación de actividades académicas.

e) Promover actividades de investigación interdisciplinares.

f) Promover cursos de especialización, actividades de divulgación, seminarios, etc, e fomentar a coordinación de tales actividades con outros Departamentos, centros, etc.

CAPÍTULO II:

O DIRECTOR ou DIRECTORA

ARTIGO 17: O director ou directora

1. O Director/a representa ao Departamento de APACCV, exerce a súa dirección, preside a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.
2. A dirección do Departamento de APACCV corresponderalle por elección a un dos seus membros, que sexa profesor doutor con vinculación permanente á universidade.
3. De non se poder levar a cabo o nomeamento do Director/a do Departamento por falta de persoas candidatas que reúnan os requisitos esixidos, o Consello de Goberno, tras a proposta do Reitor, encargaralle provisoriamente as funcións de dirección a un profesor/a do departamento ou, no seu defecto, doutro departamento, que teña o título de doutor e vinculación permanente á Universidade de Santiago. Rematado o curso académico, convocaranse eleccións.
4. O Director/a do Departamento de APACCV será elixido polo Consello de Departamento, consonte de acordo co Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, e nomearao o Reitor.
5. O cargo de Director/a do Departamento de APACCV desempeñárase durante catro anos, e non poderá ocupar o cargo máis de dous mandatos consecutivos. O mecanismo de reelección seguirá a mesma normativa que o da elección.
6. O Director/a do Departamento cesará ao remate do seu mandato, por dimisión ou como consecuencia dunha moción de censura construtiva a petición, como mínimo, dun terzo dos membros do Consello do Departamento de APACCV e aprobada por maioría absoluta dos membros do Consello. A presentación da moción incorporará un candidato alternativo. Se a moción de censura non acadara os votos necesarios, considerarase rexeitada e os asinantes da mesma non poderán presentar outra durante o mesmo curso académico.
7. En caso de ausencia ou enfermidade, o Director/a será substituído, con carácter accidental, polo membro do Departamento de APACCV de maior categoría e antigüidade que sexa profesor/a doutor/a con vinculación permanente á USC.

ARTIGO 18: Competencias da dirección do Departamento de APACCV

1. Son competencias da dirección do Departamento de APACCV:
 - a) A convocatoria e a presidencia do Consello de Departamento.
 - b) A execución dos acordos adoptados polo Consello de Departamento e a vixilancia do seu cumprimento.
 - c) A organización e a coordinación, de acordo co Consello de Departamento, dos medios persoais e materiais dos que se dispoña para cumprir os obxectivos investigadores e docentes.
 - d) Velar polos resultados académicos das materias que imparte o Departamento.

e) Garantir que o Departamento tome os acordos necesarios sobre temas da súa competencia. En ausencia de ditos acordos será o Director/a do Departamento quen ditará as resolucións que os suplan.

f) A execución das previsións orzamentarias.

g) A proposta ao Reitor do nomeamento de secretario do departamento.

h) Negociar con entidades públicas e privadas, e de acordo co Consello de Departamento, a contratación de traballos de carácter científico e técnico, así como o desenvolvemento de cursos de especialización, sempre que afecten ao Departamento como tal.

i) Asegurar a publicidade da información precisa e requirida pola comunidade universitaria pertencente ao Departamento.

j) Fomentar as relacións e a visibilidade da actividade do Departamento na sociedade.

k) Calquera outra que afecte ó Departamento e non fora explicitamente atribuída ao Consello ou a outros órganos da Universidade.

2. As competencias da dirección do Departamento esténdese a todos os asuntos relacionados co goberno e a administración do Departamento, de non seren atribuídos a outros órganos.

CAPÍTULO II:

O SECRETARIO ou SECRETARIA

ARTIGO 19: O secretario ou secretaria

1. O Secretario/a do Departamento de APACCV é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do departamento e, como tal, ten encomendada a custodia dos libros de actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos que consten nos documentos oficiais do departamento. Ademais deberá supervisar e coordinar a labor do persoal de administración e servizos especificamente adscrito ao Departamento. Por último, exercerá aquelas outras funcións que lle delegue o Director/a ou lle encomende a lexislación vixente.

2. O Secretario/a será nomeado polo Reitor/a, tras a proposta do Director/a, entre o profesorado, os axudantes e os funcionarios dos subgrupos A1 e A2 do Departamento con dedicación a tempo completo.

3. O Secretario/a cesará por decisión do Reitor/a, logo de proposta do Director/a do Departamento ou a petición propia.

CAPÍTULO II:

O COORDINADOR/A DE ÁREA

ARTIGO 20: A persoa titular da coordinación da Área

O Consello de Departamento nomeará un coordinador/a de cada unha das Áreas, sempre que estas contén con número de PDIs maior ou igual a 5, co fin de xestionar con maior axilidade as cuestións relativas á docencia, investigación e asuntos económicos das Áreas, coa decisión maioritaria dos membros da mesma. O/a coordinador/a da Área será un profesor/a con vinculación permanente e elixida polos membros do Consello de Departamento adscritos a dita Área, por un período de 4 anos, con unha única posibilidade de reelección consecutiva. No caso de que ningún membro da área se presentara á elección de coordinador/a desa área, nomearase como coordinador/a ao membro da área de maior categoría e antigüidade.

ARTIGO 21: Competencias do/a coordinador/a da Área

1. Coordinar as actividades da Área no marco das normas xerais que rexen o funcionamento do Departamento.
2. Colaborar coa dirección do Departamento na elaboración da proposta de POD da Área que se someta a aprobación polo Consello de Departamento.
3. Convocar reunións de Área para debater asuntos internos para o seu funcionamento, a iniciativa propia ou por solicitude de un mínimo de dous membros da Área.
4. Transmitir ao Director/a os acordos adoptados na Área que coordina e que deban ser tratados no Consello de Departamento.
5. Calquera outra que lle sexa encomendada polo Director/a do Departamento.

CAPÍTULO II:

O PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

ARTIGO 22: O persoal de administración e servizos

1. Ao persoal de administración e servizos do Departamento de APACCV correspóndelle o exercicio da xestión e administración, con funcións de apoio, asistencia e soporte que contribúan á consecución dos fins propios da Universidade no ámbito departamental.
- 2 O persoal de administración e servizos asignado ao Departamento desempeñará as súas funcións conforme a normativa universitaria vixente.

TÍTULO III

DA DOCENCIA

ARTIGO 23: Da docencia

O Departamento de APACCV promoverá como un dos seus obxectivos fundamentais impartir unha docencia de calidade e será o responsable da docencia das materias establecidas nos programas de estudio que os centros lles encarguen, de conformidade coa normativa aprobada polo Consello de Goberno para a organización docente prevista no artigo 138 des estatutos da USC.

O Consello de Departamento de APACCV, con carácter anual e conforme estableza a propia USC, deberá:

- a) Aprobar a proposta do programa das materias ao seu cargo e o réxime de titorías do profesorado.
- b) Determina-las actividades esixidas polos planos de estudio.
- c) Aprobar o sistema ou sistemas básicos e xerais de avaliación do alumnado propostos para cada materia.
- d) Distribuír e asigna-las tarefas docentes entre o profesorado.
- e) O Departamento promoverá como un dos seus obxectivos fundamentais impartir unha docencia de calidade dirixida á formación integral e crítica dos estudantes e á preparación para o exercicio da súa actividade profesional.
- f) O Departamento poderá organizar seminarios, conferencias, cursos ou congresos durante o curso académico, correspondéndolle ao Consello de Departamento aprobar esta programación, así coma o seu presuposto. Os profesores que desexen dispensar cursos, congresos, conferencias ou seminarios co patrocinio honorífico do Departamento, deberán contar coa aprobación previa do Consello de Departamento.
- g) Resolver calquera outra cuestión que esixa a normativa da USC ao respecto.

A distribución das obrigas docentes deberá contemplar a necesidade de cubrir tódalas ausencias que, por motivos xustificadas, se poidan producir por parte de calquera dos membros do Departamento ao longo do curso.

O Departamento apoiará a posta en marcha de actividades na procura dunha mellora continua da calidade da docencia e da formación continua dos seus membros.

TÍTULO IV

DA INVESTIGACIÓN

ARTIGO 24: Da investigación

1. O Departamento de APACCV asume como un de seus obxectivos esenciais a investigación. A tal efecto promoverá no marco das súas competencias o desenvolvemento dunha investigación de calidade, xeradora de novo coñecemento e capacidade de innovación.
2. A investigación é un deber e un dereito do persoal docente e investigador, dentro dos límites establecidos polo ordenamento xurídico e da racionalidade no uso e aproveitamento dos recursos.
3. O Departamento de APACCV fomentará a participación dos seus investigadores na constitución ou integración de grupos e redes de investigación. As relacións entre o Departamento e os grupos de investigación nos que participen os seus membros acomodaranse a normativa que a tal efecto aprobe o Consello de Goberno da USC.
4. O Departamento fomentará a presentación de proxectos de investigación de forma institucional ou a título persoal do persoal docente e investigador adscrito ao mesmo nas distintas convocatorias dos organismos públicos e privados, nacionais ou internacionais encargados de financiar a investigación, e colaborará na súa formalización.
5. O Departamento, a nivel institucional, e seu persoal docente e investigador, poderá promover contratos con entidades públicas ou privadas ou ben con persoas físicas, a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, e mailo desenvolvemento de cursos de especialización, formación ou perfeccionamento, acordos coas normas e procedementos establecidos pola USC.
6. O Departamento manterá un rexistro actualizado da produción científica e de todos aqueles eventos relacionados coa actividade investigadora realizada polos seus membros. Para elo os seus profesores deberán remitir anualmente a información precisa.
7. O Departamento disporá dunha relación do persoal que realice tarefas nas súas dependencias. A incorporación ao Departamento de estudantes, bolseiros ou contratados, investigadores visitantes... deberá ser comunicada a Secretaría polos Profesores responsables.

TÍTULO IV

DO RÉXIME ECONÓMICO

ARTIGO 25: Do orzamento

Coñecidos os recursos anuais dos que dispoña o Departamento de APACCV, o Director/a elaborará e presentará ó consello de Departamento para súa aprobación o orzamento anual, no que se detallarán os ingresos e gastos e a proposta de distribución dos mesmos.

ARTIGO 26: Da memoria anual

Finalizado o exercicio económico anual a dirección renderá conta ao Consello do Departamento da execución do orzamento coa presentación dunha memoria económica.

TÍTULO VI

DA REFORMA DO REGULAMENTO

ARTIGO 27: Da iniciativa

A iniciativa para a reforma do presente Regulamento deberá ser subscrita a lo menos por un terzo dos membros do Consello do Departamento de APACCV e deberá ser dirixida a dirección do mesmo mediante un escrito que deberá incluír o obxecto da reforma, o seu fundamento e o texto alternativo articulado que se propón ou, polo menos, as materias acerca das que se exerce e os preceptos cuxa reforma se propugna.

ARTIGO 28: Procedemento de Reforma do Regulamento

1. Unha vez admitida a trámite a proposta de Reforma, será comunicada a mesma e o texto alternativo a todos os membros do Consello de Departamento para que poida ser examinado e presentadas emendas durante un período mínimo de 15 días hábiles.
2. O proxecto de Reforma e as emendas presentadas polos membros do Consello debateranse nunha sesión extraordinaria do Consello de Departamento convocada para tal efecto nun prazo máximo dun mes natural, a contar desde a presentación da iniciativa de Reforma.

ARTIGO 29: Aprobación da Reforma do Regulamento

1. Para a aprobación do proxecto de reforma requírese a maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento de APACCV.
2. O proxecto de Reforma do Regulamento aprobado polo Consello de Departamento, será remitido ao Consello de Goberno da USC para a súa ratificación e aprobación definitiva.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

PRIMEIRA.- Corresponderá ao Consello de Departamento de APACCV o desenvolvemento de cantas disposicións non previstas neste regulamento sexan necesarias para a súa aplicación.

SEGUNDA.- En todo o non disposto no presente Regulamento de Réxime interno aplicarase o estipulado nos Estatutos da USC e na Lexislación xeral Universitaria vixente.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente Regulamento entrará en vigor no momento da súa publicación no taboleiro electrónico da USC trala aprobación polo Consello de Goberno da USC.